

# Seguro de coche

Documento de información sobre o produto do seguro  
Empresa: Allianz Direct Versicherungs-AG sucursal en España  
Sede: Alemaña  
N.º de autorización: E0247  
Produto: Seguro de coche

Ola!

Queremos explicarche de forma sinxela e resumida todo o que se inclúe nas distintas modalidades de seguros de coche e, tamén, que teñas claro o que non está incluído. Poderás consultar a información do contrato completa no documento de póliza e nas condicións do seguro, que regularán a nosa relación.

Mesmo así, estamos aquí para te axudar. Se tes dúbidas despois de o ler todo, podes chamarnos de luns a venres das 9 h ás 20:30 h ao noso teléfono 910789888. Estaremos encantados de falar contigo e axudarte!

## En que consiste este tipo de seguro?

É un seguro que cobre a túa responsabilidade civil obrigatoria como condutor, para cubrir os posibles danos e perdas que lle poidas causar a un terceiro. Ademais, dependendo da modalidade que contrates, poderás completalo con outras coberturas.



### Que se asegura?

Os danos causados en bens ou persoas terceiras ao circular co coche asegurado. A versión inicial é Terceiros básico e van engadíndose coberturas extras en cada modalidade, ademais das anteriores:

#### Terceiros básico

- ✓ Responsabilidade civil obrigatoria, nas contías legais establecidas, 15.000.000 € en danos materiais e 70.000.000 € en danos persoais.
- ✓ Responsabilidade civil voluntaria, se os danos superan o importe anterior, cóbrese o extra ata aos 50.000.000 €.
- ✓ Seguro de condutor ata aos 20.000 €.
- ✓ Reclamación de danos e defensa xurídica, cobre os gastos ata un máximo de 1000 € en caso de libre elección de avogado.
- ✓ Asistencia en viaxe ás persoas e ao coche as 24 horas.
- ✓ Reparación en talleres excelentes de Allianz Direct.

#### Terceiros con vidros

- ✓ Vidros. A reposición ou reparación dos danos nos vidros do coche asegurado.

#### Terceiros ampliado

- ✓ Roubo
- ✓ Incendio
- ✓ Prezo de compra garantido os primeiros 12 meses desde a primeira matriculación.

#### Terceiros ampliado prémium

- ✓ Danos por eventos meteorolóxicos.
- ✓ Danos por colisión con animais na estrada.

#### Todo risco

- ✓ Danos propios do coche (suxeitos, ou non, á franquía).



### Que é o que non está asegurado?

Ademais de todas aquelas coberturas que non aparezan explicitamente reflectidas na modalidade seleccionada, non quedarán cubertos en ningunha garantía:

- ✗ Danos ocasionados por condutores menores de 26 anos ou con menos de 3 anos de antigüidade de carné non declarados na póliza.
- ✗ Danos causados intencionadamente polo condutor, asegurado, tomador ou propietario do coche.
- ✗ Danos ocasionados por condutores sen permiso de condución, inválido en España, retirado ou caducado.
- ✗ Danos producidos cando o condutor se encontre baixo os efectos de bebidas alcohólicas, drogas ou substancias psicotrópicas.
- ✗ Danos ocasionados, se o transporte non cumprir coas disposicións da lei ou do permiso de circulación, por exemplo, maior número de ocupantes dos permitidos.
- ✗ Danos producidos pola participación en carreiras, concursos, desafíos e nos respectivos adestramentos co coche.
- ✗ Danos ocasionados pola circulación en vías non autorizadas ao tráfico, como zonas restrinxidas de portos e aeroportos.
- ✗ Danos producidos por unha modificación da estrutura atómica da materia e os seus efectos.
- ✗ Danos cualificados como extraordinarios, cubertos polo Consorcio de Compensación de Seguros.

## Podes engadir extras á túa póliza:

- ✓ Asistencia en viaxe Prémium. Engadimos á túa cobertura de asistencia en viaxe protección perante incapacidade, lesión ou falecemento do condutor.  
Contarás con asistencia médica no estranxeiro. Ademais, ampliación ilimitada de servizos en caso de avaría ou incidentes como perda das chaves, falta de combustible, combustible erróneo e picadas.
- ✓ Vehículo de substitución.
- ✓ Prezo de compra garantido prémium, ampliado ata aos 36 meses desde a primeira matriculación.
- ✓ Seguro do condutor e da familia prémium, no caso de falecemento ou invalidez do condutor, disporase dun capital asegurado ampliado a 60.000 €.  
Ademais, en caso de falecemento ou invalidez, quer do condutor, quer do seu cónxuxe, a indemnización incrementarase ata aos 150.000 €.
- ✓ Defensa de multas e protección por retirada do carné.
- ✓ Libre elección de taller, á parte dos talleres excelentes de Allianz Direct, poderás acudir ao taller que escolleres.



## Existen restricións no relativo á cobertura?

- ! Obriga de declarar o sinistro.
- ! Obriga de tratar de reducir os danos ocasionados polo sinistro.
- ! Se resolveres o dano do sinistro, sen consentimento previo da aseguradora.
- ! Danos a remolques ou vehículos remolcados.
- ! Custos dos danos non aprobados pola aseguradora.
- ! Obriga de informar do sinistro no prazo establecido.
- ! Se cometiches o delito de omisión de socorro.
- ! Algunhas das coberturas do seguro están suxeitas á aplicación dunha franquía.



## Onde estou cuberto?

- Todas as coberturas, agás a modalidade de reclamación de danos e defensa xurídica, quedan cubertas en:
  - España
  - Países integrantes da Carta Verde, agás Irán.
- A modalidade de reclamación de danos e defensa xurídica queda cuberta en:
  - España
  - Países integrantes da Carta Verde, sempre que os implicados tiveren o seu domicilio habitual nun país do Espazo Económico Europeo.



## Cales son as miñas obrigas?

- A información que che pedimos para emitir a túa póliza debe ser actual, correcta e verdadeira. Tamén debes declarar todas as circunstancias que poidan influír no prezo.
- Debes informarnos de todos os condutores do coche, especialmente os menores de 26 anos, así como os condutores con menos de 3 anos de carné.
- Le e comproba os termos e as condicións do contrato. Se consideras que hai algún erro, dínolo durante o primeiro mes a partir da data da sinatura do contrato.
- Debes pagar as cotas a tempo e como acordes na póliza.
- Debes aceptar as condicións da póliza.
- Para modificar o contrato, dínolo coa maior brevidade.
- Se sufriches un sinistro, tes 7 días para nos dicir o que pasou e as consecuencias, ben como para achegar a información e a documentación necesaria para comprobar e avaliar os danos. Tamén debes pór todo da túa parte para minimizar as consecuencias do sinistro, colaborando para salvar persoas e bens.



## Cando e como teño que efectuar os pagamentos?

- Ao inicio da póliza e en cada renovación anual. Poderá facilitarse o pagamento anual, dividíndoo en pagamentos periódicos, conforme as condicións dispoñibles na contratación da póliza.
- Podes pagar a través de calquera medio de pagamento que teñamos dispoñible o día da contratación da póliza e os sucesivos vencementos.



## Cando empeza e finaliza a cobertura?

- As pólizas son de duración anual, prorrogables en cada renovación.
- Estás protexido desde a data de inicio da póliza.
- Podes ver a data de alta e de baixa de cada póliza accedendo a [A miña conta](#), así como consta no documento da póliza e na duración do acordo nas súas condicións particulares.



### Como podo rescindir o contrato?

- Podes rexeitar a túa póliza, durante os primeiros 14 días naturais desde a súa subscrición.
- En xeral, cada ano, o contrato vence e programámolo automaticamente.
  - Se non queres prorrogar o teu contrato, avísanos un mes antes da renovación.
  - Se non podemos renovar o teu contrato, avisarémoste dous meses antes da renovación.